


FOLLA DE RUTA PARA A MODERNIZACIÓN DA XUSTIZA



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

www.poderjudicial.es



1

Nova Oficina Xudicial

A definitiva implantación da nova Oficina Xudicial comporta a posta en marcha dun innovador sistema de organización e funcionamento da Administración de Xustiza acorde coas necesidades dunha sociedade moderna e avanzada, como é a española. Foi aprobada polo Parlamento, a través da reforma da Lei Orgánica do Poder Xudicial de 2003, e permite a aplicación de técnicas de xestión de medios materiais e persoais de última xeración.

2

Reestruturación da planta e demarcación xudicial

Cómpre definir un novo mapa xudicial, adaptado á evolución das características demográficas da poboación española, que estableza o número, tipo e distribución territorial dos órganos xurisdiccionais, tendo en conta a carga de traballo que pode ser asumida razoablemente por cada un deles.

3

Aplicación das novas tecnoloxías (e-Xustiza)

Implementar as vantaxes ofrecidas polas Novas Tecnoloxías da Comunicación e da Información (TIC) para mellorar o funcionamento da Administración de Xustiza, prestando un servizo coa maior calidade e eficacia que sexa posible.

4

Carta de Dereitos e plan de Transparencia Xudicial

Mellorar a calidade do servizo prestado ao cidadán, organizando as medidas necesarias para avanzar cara á unha Xustiza máis transparente, máis comprensible, máis atenta, e adaptada ás necesidades específicas das persoas vulnerables.

5

Seguimento e mellora da actividade dos órganos xudiciais

Promover a mellora da actividade dos órganos xudiciais, perfeccionando instrumentos que permitan un axeitado seguimento e control da mesma, desenvolvendo incentivos para promover unha maior calidade na prestación do servizo, e establecendo mecanismos que posibiliten un mellor tratamento das situacións de interinidade.

6

Impulso das reformas orgánicas e procesuais

Impulsar a aprobación daquelas reformas lexislativas, tano no ámbito do Dereito Orgánico como en materia procesual, que resulten necesarias para avanzar no proceso de modernización da Administración de Xustiza e para reducir o número de asuntos que se someten a decisión dos Xulgados e Tribunais (litixiosidade).

Estatuto dos membros da carreira xudicial

Modernizar o estatuto dos Xuíces e Maxistrados, dos seus dereitos e deberes no ámbito profesional, de tal xeito que se poida mellorar o exercicio da función xurisdiccional (xulgar e facer executar o xulgado) en beneficio dos cidadáns.

8

7

Organización territorial do Estado

Potenciar a actividade das Salas de Goberno, como órganos de goberno do Poder Xudicial no territorio de cada Tribunal Superior de Xustiza, realizando as adaptacións necesarias en relación coa organización territorial do Estado e do desenvolvemento das previsións estatutarias, e garantindo os dereitos lingüísticos dos cidadáns nas Comunidades Autónomas con lingua oficial propia.



O Parlamento deberá reformar 14 importantes leis para facer realidade a transformación que se persegue

- Lei de Xuizamento Civil: 498 apartados.
- Lei de Xuizamento Criminal: 194 apartados.
- Lei sobre hipoteca inmobiliaria e prenda sen desprazamento de posesión: 2 apartados.
- Lei de Extradición Pasiva: 5 apartados.
- Lei Cambiaria e do Cheque: 1 apartado.
- Lei de Patentes: 1 apartado.
- Lei de Axudas e Asistencia ás Vítimas de Delitos Violentos e contra a Liberdade Sexual: 1 apartado.
- Lei de Procedemento Laboral: 166 apartados.
- Lei de Asistencia Xurídica Gratuíta: 5 apartados.
- Lei sobre Condicións Xerais de Contratación: 1 apartado.
- Lei reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa: 60 apartados.
- Lei Concursal: 47 apartados.
- Lei de Arbitraxe: 3 apartados.

A nova Oficina Xudicial, Eixo Central para a modernización da Administración de Xustiza



En 2003 o Parlamento aprobou a implantación da Nova Oficina Xudicial. Pretendíase, con isto, poñer ao día a Administración de Xustiza, introducindo os sistemas de organización e a tecnoloxía adoptada nos trinta anos precedentes por bancos, grandes corporacións, medianas e pequenas empresas e Administracións, aumentando así a eficacia e a produtividade ata niveis descoñecidos no pasado.

Sen embargo, para que dita implantación sexa efectiva é necesaria a modificación de 14 leis procesuais. Unha iniciativa comprendida no **Proxecto de Lei de Reforma da Lexislación Procesual para a Implantación da Nova Oficina Xudicial**, agora en proceso de negociación nas Cortes.


O CXPX, pola súa banda, ten a responsabilidade de elaborar un novo regulamento –de Homoxeneización dos Servizos Comúns Procesuais– para que a Nova Oficina Xudicial poida funcionar con garantías no día a día.

O seguinte paso, se cadra o máis dificultoso, será a **modificación dos espazos, as oficinas, e a reorganización do persoal** que, na súa gran maioría, quedará baixo a dirección do Secretario Xudicial, que tamén asume as competencias da tramitación procesual, agora en mans dos xuíces. Estes quedarán libres para concentrarse na súa función principal: xulgar e executar o xulgado.

Funcións como citar ás partes, emendar os defectos procesuais dos escritos, impulsar o traslado dos documentos presentados por unha parte á outra, pasarán a control dos Secretarios Xudiciais. **Ao Ministerio, ás Consellerías de Xustiza das Comunidades Autónomas e ao CXPX réstalles manter a vital coordinación e entendemento** para que a nova maquinaria funcione ben.

Organización básica da Oficina Xudicial actual

Composición por Xulgado: 1 Xuíz, 1 Secretario Xudicial e entre 7-9 funcionarios



No sistema actual de organización básica da Oficina Xudicial os xulgados son, de feito, illas desconnectadas entre si. Sobre estas liñas figura un exemplo. Están compostas, dende a súa configuración, no século XIX, por un xuíz, un secretario xudicial e, con carácter xeral, entre sete e nove funcionarios. Traballan como se facía antigamente nas sucursais bancarias, onde unha multitude de empregados atendían aos clientes. Hoxe, a meirande parte desas xestións fanse a través do caixeiro automático, de Internet ou de teléfonos móbiles

Nova Oficina Xudicial

Composición por cada Xulgado: 1 Xuíz e 2 funcionarios

1 Secretario Xudicial (en ocasións, o Secretario Xudicial poderá atender varios Xulgados)



Servizos Comúns traballando para os Xulgados

Dirección: Secretarios Xudiciais

Composición: 80 funcionarios, aproximadamente

A nova Oficina Xudicial supón unha transformación radical da forma de traballo e de organización. Nos Xulgados créanse unidades de apoio ao Xuíz, nas que prestarán os seus servizos –con carácter xeral– dous funcionarios. Créanse Servizos Comúns, que son departamentos ao servizo dos Xulgados e que están dirixidos por Secretarios Xudiciais. Dese xeito, acelerarase, en combinación coa aplicación das novas tecnoloxías, o funcionamento da maquinaria xudicial como nunca antes na historia.

membros do Servizo de Inspección do CXPX teñen moi avanzada unha radiografía da situación na que se atopan os Xulgados e Tribunais, O seu obxectivo central é redefinir a carga de traballo que cada un dos 3.585 órganos xurisdiccionais poden asumir.

2

Reestruturación de planta e demarcación xudicial

Carga de traballo

A información dos inspectores do CXPX permitirá coñecer con precisión a cantidade de traballo á que pode facer fronte, a día de hoxe dun modo eficiente, cada órgano xudicial.

Nova Planta Xudicial

Os datos recollidos, á súa vez, permitirán establecer o número de órganos xudiciais que se necesitan en España e poderase redefinir unha nova Planta Xudicial, máis acorde coas necesidades da cidadanía.

Unha das novas figuras que se contemplan é a creación do Xuíz sen praza concreta co fin de cubrir as situacións de interinidade. Estes “xuíces voantes” estarían adscritos aos Presidentes dos Tribunais Superiores de Xustiza.

Novo Mapa Xudicial

Distribución dos órganos xudiciais no territorio e por tipos de órganos, segundo as novas necesidades.

A PLANTA XUDICIAL ESPAÑOLA data de 1988, que foi cando se aprobou a Lei 38/1988, de 28 de decembro, de Demarcación e Planta Xudicial. Entón España tiña 38.872.268 habitantes. Aínda que foi sometida a modificacións puntuais durante os seus 21 anos de vixencia, estas non cobren todas as necesidades da sociedade española actual, marcada por un crecemento demográfico importante –somos xa 46.157.822 cidadáns, segundo o Instituto Nacional de Estatística– e un lóxico aumento da litixiosidade.

Xa non somos o que éramos e os medios cos que contamos probáronse insuficientes. Por todo isto, o CXPX está traballando contra reloxo na revisión da carga de traballo de cada órgano xudicial co fin de definir unha nova planta e un novo mapa xudicial –número de órganos xudiciais e distribución–. Ambos os dous deben responder ás características demográficas actuais establecendo unha distribución equitativa do traballo que realizan estes xuíces en cada órgano xudicial, en función do número de casos que teñan nas súas mans e da súa complexidade.

Aplicación das novas tecnoloxías (e-Xustiza)

O cidadán, para relacionarse coa Administración de Xustiza, ten obriga de facelo a través do papel. Para acabar con este anacronismo, establecer o expediente electrónico e implantar as novas ferramentas tecnolóxicas da información e a comunicación cómpre avanzar en tres frentes moi definidos:

1. Dotación de medios materiais necesarios.
2. Marco normativo adecuado e cumprimento do Test de Compatibilidade do CXPX –para que os sistemas informáticos das Comunidades Autónomas e do Ministerio de Xustiza poidan “falar entre si”–.
3. Colaboración estable entre os distintos actores da Xustiza.

Con todo isto lograse aplicar as novas tecnoloxías da comunicación e da información para mellorar o funcionamento da Administración de Xustiza co fin de prestar á cidadanía un servizo de maior calidade e eficacia.



Obrigatoriedade do seu emprego e que todos os asuntos sexan rexistrados seguindo os mesmos parámetros.

Comunicación

Cómpre lograr a interoperabilidade entre os distintos sistemas informáticos dos órganos Xudiciais co fin de obter os datos necesarios para realizar ben o seu traballo:

- Con outros órganos xudiciais,
- Con outras Administracións e entidades (Fiscalía, Policía, Axencia Tributaria, Seguridade Social, etc...).

Expediente xudicial dixital

- É imprescindible para a implantación da Oficina Xudicial realizar os trámites por vía telemática (sen papel). Trátase de substituír o papel dos procesos xudiciais.
- Comunicacións electrónicas (sinatura dixital, SMS, instrumentos web...).
- Garantir aos cidadáns o dereito a realizar actos procesuais por medios dixitais, como, por exemplo, se fai nos bancos.



Nas Comunidades Autónomas con competencias transferidas utilízanse sistemas informáticos diferentes, polo que resulta moi difícil, por exemplo, verificar se un acusado cunha pena aberta en Andalucía ten outra causa pendente en Asturias. Iso ten que cambiar. Sen unha perfecta compatibilidade entre os distintos sistemas será pouco menos que imposible compartir información que, en conclusión, constitúe unha das premisas básicas que xustifican a modernización da Xustiza.

Obxectivos finais

- Conseguir que os órganos xudiciais dispoñan de forma áxil toda a información necesaria para desenvolver a súa labor con eficacia. En definitiva, trátase de mellorar a interoperabilidade do sistema.
- Garantir o dereito dos cidadáns a relacionarse coa Administración de Xustiza mediante medios electrónicos.
- Conseguir a mellora da organización do traballo nos órganos xudiciais, facilitando a implantación do novo modelo de oficina xudicial.
- Facilitar a adopción de decisións de política xudicial.
- Mellorar os medios técnicos para a sala de vistas.



Carta de Dereitos e Plan de Transparencia Xudicial

Unha Xustiza máis atenta co cidadán, máis comprensible e máis transparente

Só se ama o que se coñece; o que se descoñece ténese ou desprézase. Que a Administración de Xustiza sexa coñecida polos cidadáns e percibida como propia é un dos grandes retos que este servizo público debe afrontar. Un cometido no que están chamados a xogar un importante papel boa parte dos 50.000 funcionarios que a compoñen en toda España.



OBXECTIVOS

Unha Xustiza atenta co cidadán

GARANTIR O DEREITO do cidadán a ser atendido de forma respectuosa e adaptada ás súas circunstancias psicolóxicas, sociais e culturais (puntualidade nas actuacións xudiciais, evitar a reiteración de comparecencias, explicación das causas de suspensión...).

Unha Xustiza comprensible

EMPREGAR UNHA LINGUAXE que permita que o cidadán entenda as notificacións, citacións, emprazamentos e requirimentos, así como o contido das resolucións xudiciais e dos xuízos e comparecencias en que interveña.

Unha Xustiza transparente

GARANTIR QUE O CIDADÁN reciba información sobre os distintos aspectos do funcionamento dos órganos xudiciais (lexislación, duración dos procedementos, carga de traballo...), así como sobre o contido e estado do proceso que lle afecte.

Unha Xustiza adaptada ás persoas vulnerables

AS PERSOAS MÁIS VULNERABLES (menores, vítimas do delito, inmigrantes, persoas con discapacidade sensorial, física ou psíquica...) deben recibir por parte da Administración de Xustiza un trato adecuado ás súas circunstancias singulares, de tal xeito que se garanta a tutela xudicial efectiva dos seus dereitos.

Protección dos datos de carácter persoal dos cidadáns

Garantir a efectiva tutela destes dereitos na actuación dos Xulgados e Tribunais (arquivos xudiciais, sistemas informáticos, sentencias...). Entre as actuacións previstas, destaca unha reforma na materia do Regulamento 1/2005 de Aspectos Accesorios das Actuacións Xudiciais.



CARTA DE DEREITOS DOS CIDADÁNS ANTE A XUSTIZA



ACCÍONS

Programa de Actuación para a efectividade da Carta de Dereitos e do Plan de Transparencia

Catálogos de boas prácticas derivadas dos datos e a experiencia da unidade de Atención Cidadá do CXPX, mellora do sistema de queixas e suxestións dos cidadáns sobre o funcionamento da Administración de Xustiza, folletos e información en páxinas web.

Foro Permanente sobre Calidade da Xustiza

Creación dun espazo que permita o diálogo, a colaboración e a coordinación de actuacións entre as distintas institucións, entidades profesionais e persoas que prestan os seus servizos no sistema xudicial.

Plan de Acción para a aplicación das 100 Regras de Brasilia

Regras aprobadas en Brasilia, en marzo de 2008, sobre acceso á Xustiza das persoas en condición de vulnerabilidade.

O CXPX considera que é necesario incentivar o traballo dos que prestan servizo na Administración de Xustiza. Así como perfeccionar os instrumentos que permitan un seguimento e control da actividade xudicial. Con isto, conseguirase fortalecer a independencia do Xuíz, mellorar a eficiencia do tribunal, e garantir o acceso do cidadán á Xustiza.

Seguimento e mellora da actividade dos órganos xudiciais


INSPECCIÓN A DISTANCIA, ALARMAS E DATOS ESTADÍSTICOS EN TEMPO REAL. A aplicación das novas tecnoloxías perfeccionará a inspección e o seguimento da actividade xudicial. Resulta imprescindible avanzar na implantación dun modelo onde a fonte de información sexan os datos rexistrados nas propias aplicacións de xestión procesual que empregan Xulgados e Tribunais, pero esta recompilación de datos ten que unificarse.

INCENTIVOS Á ACTIVIDADE XUDICIAL. Fomentar a calidade do traballo a través de premios, de recoñecemento de boas prácticas e outros incentivos.



PROGRAMA DE AVALIACIÓN DA CALIDADE da xustiza e valoración da actividade de Xuíces e Maxistrados (cantos asuntos resolven, como se resolven, medindo deste xeito a súa eficacia e dedicación).

FOMENTAR AO MÁXIMO A PROFESIONALIDADE, coidando a formación nos supostos imprescindibles de interinidade (Xuíces, secretarios e funcionarios), arbitrando os oportunos procedementos para a provisión urxente e automática de vacantes dos funcionarios da Administración de Xustiza por persoas debidamente capacitadas.



Reducir a litixiosidade

Dende 1999, España experimentou un aumento constante da litixiosidade, tal como se pode ver no gráfico adxunto.

Seguindo a estela da unión Europea, cómpre analizar fórmulas que poidan permitir a súa redución, optimizando os escasos recursos dispoñibles na Administración de Xustiza.

Para isto é necesario impulsar a aprobación daquelas reformas lexislativas, tanto no ámbito do Dereito Orgánico como en materia procesual, que resultan imprescindibles para profundar no proceso de modernización da Xustiza e así reducir o número de asuntos que desembocan todos os anos nos Xulgados e Tribunais.

Impulso de reformas orgánicas e procesuais para dar solucións máis áxiles á Xustiza



O gráfico da esquerda representa a fase inicial dun proceso de mediación penal na que vítima e agresor sentan á mesa co xuíz, o avogado defensor e o/os mediador/es para chegar a un acordo. A base da mediación penal é a xustiza restaurativa, pola que se trata de que a vítima obteña unha explicación e unha compensación. A cambio, na condena o xuíz aplica os atenuantes que lle permite a lei. Dende 2005, o CXPX vén desenvolvendo un Proxecto de Mediación Penal para adultos, no que participan 30 órganos xudiciais de toda España.



A mediación penal e civil, unha solución

Seguindo a experiencia doutros países do noso entorno europeo, contéplase o impulso da mediación como un instrumento probadamente eficaz na resolución de conflitos por dúas razóns:

- **A MEDIACIÓN É POSITIVA PARA AS PARTES**, que son os protagonistas da resolución do conflito, asumindo libremente o acordo, facilitando o futuro cumprimento voluntario dos seus termos; e supón a obtención dunha solución máis rápida e áxil do conflito.
- **A MEDIACIÓN É POSITIVA PARA O SISTEMA XUDICIAL**, porque reduce a carga de traballo dos Xulgados e Tribunais, co conseguinte aforro dos enormes custos que sempre xera un proceso xudicial.

Outras reformas lexislativas

Xuízos rápidos civís.

Novo proceso penal.

Dobre instancia penal.

Reforma da casación civil.

Procesos civís regulados en normas da Unión Europea.

Desxudicialización dos Rexistros Civís.

Órganos específicos para a resolución de conflitos menores.

Desenvolvemento das previsións estatutarias.

Estatuto dos membros da carreira xudicial

Modernizar o Estatuto de Xuíces e Maxistrados para mellorar o exercicio da función xurisdiccional en beneficio dos cidadáns

DOTAR DE MAIOR AXILIDADE E TRANSPARENCIA AOS NOMEAMENTOS DE XUÍCES E MAXISTRADOS, tanto discrecionais (Maxistrados do Tribunal Supremo, Presidentes...) como de carácter regrado (réxime ordinario de provisión de destinos).

ARBITRAR UN SISTEMA AXEITADO E EFICAZ DE SUBSTITUCIÓN XUDICIAIS, dando preferencia aos xuíces titulares; así como adecuar o réxime de retribucións.

ANÁLISE DO FUNCIONAMENTO DO SISTEMA DE ESPECIALIZACIÓN DE XUÍCES, mellorando aqueles aspectos necesarios para dar unha mellor resposta xudicial aos cidadáns.

MELLORAR AS RELACIÓNS DOS XUÍCES CO CXPX E OS OUTROS ÓRGANOS DE GOBERNO DO PODER XUDICIAL (Salas de Goberno de Tribunais Superiores de Xustiza...), a través dun réxime máis axeitado de publicidade dos acordos que se adopten, e empregando as vantaxes derivadas das novas tecnoloxías (sinatura dixital, instrumentos Web, foros virtuais, tramitación dixital dos expedientes...).

FORTALECER AS RELACIÓNS COAS ASOCIACIÓNS XUDICIAIS, especialmente a través da aprobación dun Regulamento regulador do seu marco de actuación.

REFLEXIONAR SOBRE A PROPIA ESTRUTURA DA CARREIRA XUDICIAL e sobre o modelo de acceso á mesma.

- Reformas LOPX:
 - Supresión traslado forzoso por ascenso a Maxistrado.
 - Supresión da preferencia derivada da permanencia “inmediatamente anterior” nunha orde xurisdiccional.
- Regulación da figura dos “Xuíces Voantes” (titulares para substitucións e reforzos).
- Reforma do Regulamento de Carreira Xudicial.
 - Para avanzar na conciliación entre a vida laboral, familiar e persoal.
- Nova Instrución reguladora do réxime de substitucións, de conformidade co Ministerio de Xustiza.
- Réxime de presentación de escritos en formato dixital ante o CXPX e as Salas de Goberno.
- Análise dun Regulamento de Asociacións.

- Revisión do réxime de funcionamento da especialización.
- Sistema de prevención de riscos laborais.
- Mellora do sistema de xubilación por idade e por incapacidade; adecuación de retribucións e outros aspectos de protección social do Xuíz.
- Reflexión sobre un novo posible sistema de substitucións.

- Carreira Xudicial. Análise de elementos relevantes para o seu futuro: o modelo de acceso, o número e tipo das categorías profesionais existentes na actualidade, os criterios para a promoción dunha categoría á outra, os requisitos obxectivos (antigüidade e outros) que deban ser tidos en conta para acceder a un determinado posto ou destino.
- Reflexión sobre unha posible estrutura funcional dos órganos xudiciais unipersoais dunha mesma circunscrición. Trátase de valorar as vantaxes e inconvenientes derivados dunha posible nova organización dos órganos unipersoais, de xeito semellante á organización funcional propia dos órganos colexiados.

7

Organización Territorial do Estado

Potenciar as Salas de Goberno, como órganos de goberno do Poder Xudicial no territorio de cada Tribunal Superior de Xustiza

- **REFORZOS DE MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS.**
- **IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA INFORMATIZADO DE XESTIÓN GOBERNATIVA, QUE PERMITA A TRAMITACIÓN DIXITAL DOS EXPEDIENTES.**
 - Experiencia piloto en Baleares (na actualidade) e noutros catro Tribunais Superiores de Xustiza (2009).
 - Extensión en todo o Estado.
- **REFORZO COMPETENCIAL.**



Sobre estas liñas, a entrada principal do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña, un dos 17 existentes en España. O concurso das Salas de Goberno dos TSX no proceso de modernización da Administración de Xustiza é fundamental, así como o compromiso das Consellerías de Xustiza das Comunidades Autónomas en competencias transferidas.

Adequar o marco de participación das Comunidades Autónomas con competencias en materia de Xustiza

A participación das Comunidades Autónomas é unha peza clave para o adecuado funcionamento dos sistema de Administración de Xustiza.

- **DESENVOLVEMENTO DAS PREVISIÓNS ESTATUTARIAS.**
- **ESTABLECER MECANISMOS DE COLABORACIÓN, COORDINACIÓN E DIÁLOGO.**




Garantir os dereitos lingüísticos dos cidadáns nas Comunidades Autónomas con lingua oficial propia.

Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias do Consello de Europa, aprobada por Estrasburgo o 5 de novembro de 1992 e ratificada por España en 2001





FOLLA DE RUTA PARA A MODERNIZACIÓN DA XUSTIZA



ESTA FOLLA DE RUTA responde ao Plan de Modernización da Xustiza aprobado en Madrid polo pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial o 12 de novembro de 2008.

Na administración de Xustiza conflúen responsabilidades de distintas entidades públicas: o CXPX, o Ministerio de Xustiza, e as Comunidades Autónomas con competencias na materia.

Neste sentido, hai que ter presente que o CXPX non ten facultades orzamentarias sobre os medios materiais e o persoal ao servizo da Administración de Xustiza. Estas competencias están atribuídas ao Ministerio de Xustiza e ás Comunidades Autónomas dentro dos seus ámbitos respectivos.

Trala aprobación do Plan de Modernización da Xustiza, o CXPX pretende contribuír ao proceso de modernización xudicial non só mediante a adopción das medidas que se atopan dentro da súa competencia, senón tamén a través do impulso daqueloutras que correspondan a outros organismos públicos, todo isto dentro dun marco de diálogo construtivo, de colaboración e de coordinación de actuacións.